


ESTIMULACIÓN MULTISENSORIAL

Despois de traballar o gusto durante as semanas pasadas, agora toca estimular o oído, por iso durante estes últimos días do mes de **MAIO** e principios de **XUÑO** realizaremos as seguintes actividades:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO
25	26	27	28	29	30	31
1	2	3	4	5	6	7



Ata o de agora, estivemos realizando tarefas encamiñadas á estimulación do tacto, do cheiro e do gusto. Nesta ocasión imos desenvolver a audición, e para iso teremos que ter as nosas orellas e oídos preparados.

As nosas vidas están cheas de estímulos sonoros, dos cales moitas veces non nos decatamos polo integrados que están no noso día a día.

Ademais, de eses elementos sonoros como os secadores de pelo, timbres, televisión,... o noso corpo tamén é unha fonte inesgotable de recursos para xerar ruídos como os aplausos, berros, murmuros,...

Non debemos esquecer, que un dos sons máis universais e que máis satisfacción nos producen é a música, a través da cal podemos viaxar a lembranzas, relaxarnos ou bailar ao ritmo da mesma ata esgotarnos.



Por todos estes motivos, imos facer un percorrido pola nosa casa na procura de elementos sonoros que nos permitan o desenvolvemento de capacidades como son a discriminación auditiva, o ritmo,....

As nosas **cociñas** soen ser unha fonte de recursos sonoros inesgotable, moitas veces incluso desagradable, dentro da cal podemos sentir o ruído que provoca bater un ovo, usar o microondas, fritir patacas, abrir a billa, colocar os pratos, centrifugar a lavadora, o papel de aluminio,

No **baño** tamén se soen producir moitos sons como os da ducha, o secador de pelo, a cisterna, as escumas, lacas,...

Outra estancia che de sons soe ser a **sala**, na cal é frecuente que teñamos televisión, radio, ordenador,... os cales emiten diferentes sons e son unha fonte de materiais inesgotable.

Con todos estes recursos que acabamos de enumerar, propoñémosvos as seguintes tarefas para que estimuledes os vosos oídos.

- Dicir si o son nos resulta agradable ou desagradable.
- Diferenciar entre o son e silencio (acendido/apagado).
- Recoñecer cando o volume está alta ou baixo.
- Imitar os sons que escoitamos na casa (timbre, teléfono, microondas,...)
- Imitar sons de animais (can, gato, ...)
- Facer ruídos dobrando e engurrando diferentes tipos de papeis (aluminio, periódico,...)
- Emitir sons co noso corpo (aplausos,tose, esbirros,...), podemos exercer nós de modelo para que despois o neno/a nos imite.
- Empregar un roio (de papel hixiénico, de cociña,...) como altofalante ou soprar no bico dunha botella para que produza sons.
- Construír os nosos instrumentos musicais (pulseira de cascabeis, botellas recheas de lentellas, arroz,...

ESPERAMOS QUE VOS GUSTEN AS ACTIVIDADES.

NOS XA ESTAMOS PREPARANDO AS VINDEIRAS RELACIONADAS COA VISTA.